

Sra. Conselleira:

A Federación de Traballadores do Ensino da Unión Xeral de Traballadores de Galicia (FETE-UGT/Galicia), organización sindical con representación legal no sector do ensino público de Galicia, ten a ben dirixirse a vostede para presentarlle:

Os resultados da campaña de recollida de sinaturas para reivindicar:

.Agrupamento dun máximo de 20 alumnos e alumnas da mesma idade (neste intre chegan ata 25), nas unidades de educación infantil de 3, 4 e 5 anos.

.Agrupamentos dun máximo de 15 alumnos e alumnas en idades mesturadas (neste intre existe un importante número de grupos de 20 ou máis alumnos), nas unidades de educación infantil de 3,4 e 5 anos.

.Acreditación do complemento de titoría e outras funcións para o profesorado que imparte en infantil.

.Recoñecemento do cargo e consolidación do complemento de dirección para os responsables das escolas de ensino infantil (EEI).

.Creación do posto de coidador/a en cada centro con, polo menos, o ciclo completo 3-6.

Preséntanse no Rexistro Xeral desa Consellería un total de **CINCO MIL DUASCENTAS CORENTA E SEIS (5.246)** sinaturas do profesorado afectado. Significa unha grande acollida e apoio dos claustros.

A modificación da rateo máxima en ensino infantil é unha demanda latente de toda a sociedade e constitúe un elemento de mellora da calidade do sistema educativo galego.

Por isto, SOLICITAMOS:

Se teñan en consideración as reivindicacións masivamente avaladas e se tomen as medidas oportunas para implantar progresivamente esta rateo máxima.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2008

Asdo.: J.Raúl Gómez Farto

SECRETARIO DE PÚBLICA DE FETE-UGT/GALICIA.

Sra. CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
XUNTA DE GALICIA